

Documentos de Traballo en Ciencias da Linguaxe. 2023


- © Dos textos, as autoras
- © Da cuberta, a Área de Imaxe da Universidade de Vigo

ISSN-L: 2530-2752

[dtcl@uvigo.gal](mailto:dtcl@uvigo.gal)

<https://dtcl.webs.uvigo.es/>





DOCUMENTOS DE TRABALLO EN CIENCIAS DA LINGUAXE

ANO 2023

### EQUIPO EDITORIAL

Martín Vázquez Fernández  
(Universidade de Vigo)

Noelia Amado Corbacho  
(Universidade de Vigo)

### COMITÉ CIENTÍFICO

José M. García-Miguel  
(Universidade de Vigo)

Carmen Cabeza Pereiro  
(Universidade de Vigo)

Fernando Ramallo  
(Universidade de Vigo)

Susana Rodríguez Barcia  
(Universidade de Vigo)


Ana Varela Suárez  
(Universidade de Vigo)

Anastasia Ogneva  
(Universidade de Santiago  
de compostela)

Gervasio Absolone  
Chambo  
(Universidade Eduardo  
Mondlane)

María del Carmen Méndez  
Santos  
(Universidade de Vigo)





DOCUMENTOS DE TRABALLO EN CIENCIAS DA LINGUAXE

## TÁBOA DE CONTIDOS

---

### Editorial

- Noelia Amado Corbacho e Martín Vázquez Fernández.....3

### ARTIGOS

---

- Las metáforas conceptuales en el discurso sobre el cáncer  
en la prensa española

Sabela Morais Martínez.....7

- El humor pragmático en los talleres de lenguaje con  
personas con Trastorno del Espectro Autista: una  
propuesta de intervención

Inés Castro Gómez.....35

- Linguaxe que inclúe: revisión e proposta de actualización do  
*Manual de linguaxe inclusiva* da Universidade de Vigo

Carla Míguez Bóveda.....57

- Translanguaging como pedagogía en el “South Side” de  
Milwaukee, Wisconsin: potencial, barreras y próximos pasos

Grace Donner Reckmeyer.....83

- O diálogo entre os escritos do Círculo de Bakhtin e o  
Realismo Agencial na análise de materialidades discursivas  
contemporâneas

Nívea Rohling da Silva.....121

### ENTREVISTAS

---

- Entrevista con Mauro Fernández

Mauro Fernández e Martín Vázquez Fernández.....147





## Editorial

---

Noelia Amado Corbacho

Universidade de Vigo

[noelia.amado@uvigo.gal](mailto:noelia.amado@uvigo.gal)

Martín Vázquez-Fernández

Universidade de Vigo

[martivazquez@uvigo.gal](mailto:martivazquez@uvigo.gal)

Neste comezo de 2024 presentamos o novo número da revista *Documentos de Traballo en Ciencias da Linguaxe* (2023). Esta entrega comprende cinco artigos orixinais relacionados con diversos ámbitos da lingüística aplicada.

O primeiro traballo, realizado por Sabela Morais e titulado “Las metáforas cognitivas en el discurso sobre el cáncer en la prensa española”, busca verificar o uso de metáforas bélicas no tratamiento informativo do cancro por parte do xornalismo a través dun corpus creado sobre prensa escrita.

A seguir, o artigo de Inés Castro Gómez, que leva por título “Análisis pragmático del uso del humor en los talleres de lenguaje con personas con Trastorno del Espectro Autista”, realiza unha revisión sobre o procedemento nos talleres de linguaxe de persoas con TEA e presenta unha proposta de intervención na que a lingüística e a tecnoloxía están inevitavelmente unidas.

O terceiro artigo, titulado “Linguaxe que inclúe: revisión do Manual de linguaxe inclusiva da Universidade de Vigo” e escrito por Carla Míguez-Bóveda, consta dunha revisión crítica e unha proposta de actualización deste manual, despois de dez anos de vixencia e no momento de auxe dos estudos de xénero no que nos atopamos hoxe día.

Para pechar o número, os dous últimos artigos teñen como autoras a investigadoras do continente americano con temáticas de máximo interese para os estudos da sociolingüística en sentido amplo. O artigo de Grace Donner Reckmeyer titulado “*Translanguaging como pedagogía en el ‘South Side’ de Milwaukee, Wisconsin: potencial, barreras y próximos pasos para comunidades multilingües*” investiga esta práctica como ferramenta pedagóxica a través da entrevista a profesorado co fin de explorar a potencialidade e as barreiras da mesma no contexto de comunidades multilingües e multiculturales.

Por último, o artigo a cargo de Nívea Rohling titulado “O diálogo entre os escritos do Círculo de Bakhtin e o Realismo Agencial na análise de materialidades discursivas contemporâneas”, constitúe unha aproximación á lectura brasileira dos escritos do Círculo de Bakhtin en conexión coas teorías do realismo axencial na análise do discurso.

Como no número anterior, a revista pecha cunha sección de entrevistas. Neste caso establecemos un diálogo con Mauro Fernández, profesor emérito da Área de Lingüística da Universidade da Coruña, na que conversaremos sobre a súa formación como lingüista e algunas cuestións relacionadas coa disciplina a través da súa biografía.

Deste xeito, dáse por pechado este número e ábrese o envío de propostas para o vindeiro, principalmente a todo o estudantado de doutoramento e mestrado. O prazo máximo para enviar artigos e traducións é a finais de novembro do 2024.

Por último, agradecer a Ana Varela o seu labor como editora do número anterior e o seu traballo para que este saíra á luz.

